

PERSOAS DESTINATARIAS

Estudantes dos últimos anos do grao, máster, titulados/as superiores, así como persoas investigadoras vinculadas a universidades e centros de investigación e persoal técnico de empresas ou administración relacionado coa actividade acuícola.

INSCRICIÓN

A inscrición será gratuita e farase vía telemática cumplimentando o formulario que aparecerá na web www.ragc.cesga.es, entre o **6 de Outubro** e o **2 de Novembro**, ambos inclusive.

As persoas que o soliciten recibirán un certificado de asistencia ao Ciclo.

Máis información:



REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Facultade de Química
Avda. das Ciencias, s/n
Campus Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel.: 981 552 235
Atención ao público: De Luns a Xoves de 9 a 13 h
www.ragc.cesga.es
e-mail: ragciencias@terra.com

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 555 888
Atención ao público: De Luns a Venres de 9 a 13 h
www.ceg.es
e-mail: info@ceg.es



Fundación Barrié

Ciclo de Charlas e Mesas de Debate

AVANCES EN ACUICULTURA (XVIII AVANCES EN CIENCIA E TECNOLOXÍA 2015)

Días 4, 5, 10, 11, 12, 17 e 19 de novembro as 19,00 horas

Salón de Actos

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
Rúa do Vilar, 54 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

A acuicultura é unha actividade que abrangue moi variadas prácticas e unha ampla gama de especies, sistemas e técnicas de produción. A FAO estima que antes de 2030 máis do 65% dos alimentos consumidos en todo o mundo procederán da acuicultura.

Nos últimos 50 anos converteuse nunha actividade socioeconómica relevante, dando emprego a máis de 12 millóns de persoas no mundo. Podemos dicir que o éxito da acuicultura moderna se basea nos grandes logros xa alcanzados por este sector na xestión da bioloxía das especies cultivadas, na introdución de innovacións científico-técnicas, no desenvolvemento de alimentos específicos e no control da sanidade das especies cultivadas.

Estes avances alcanzados na actualidade revelan non só a vitalidade da acuicultura como técnica produtiva, senón tamén a capacidade de innovación, emprendemento e aproveitamento sostible dos recursos dispoñibles.

Con este motivo a RAGC, en colaboración coa CEG, pon en marcha este ciclo de conferencias e mesas de debate que servirá como punto de encontro entre a investigación e a empresa e que contribuirá a poñer en valor e dar a coñecer os logros nesta actividade.

Organizan:



Patrocina:



PROGRAMA

CHARLAS

Día 4 de novembro, mércores ás 19:00 horas

Inauguración do ciclo

Nutrición en peixes e sostibilidade

Dra. Dña. Luisa M.P.Valente.

Profesora do Instituto de Ciencias Biomédicas Abel Salazar (ICBAS) e Interdisciplinary Centre of Marine and Environmental Research (CIIMAR), Universidade de Porto (Portugal)

Día 5 de novembro, xoves ás 19:00 horas

Tecnoloxía de recirculación en Acuicultura

Dr. D. Sergio Devesa Regueiro

Director Xerente da Empresa Aquacría Arousa, SL (Cambados, Pontevedra)

Día 10 de novembro, martes ás 19:00 horas

Criopreservación de gametos en peixes planos

Dra. Dña. Olvido Chereguini Fernández-Maqueira

Investigadora do Instituto Español de Oceanografía (IEO). Centro Oceanográfico de Santander

Día 11 de novembro, mércores ás 19:00 horas

Xenómica aplicada para a mellora da produción en acuicultura

Dr. D. Paulino Martínez Portela

Catedrático do Dpto. de Xenética da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Día 12 de novembro, xoves ás 19:00 horas

O cultivo de moluscos na encrucillada

Dr. D. Antonio Villalba García

Investigador do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), Xunta de Galicia. Vilanova de Arousa (Pontevedra)

PROGRAMA (continuación)

MESAS DE DEBATE

Día 17 de novembro, martes ás 19:00 horas

Retos para a intensificación da Acuicultura

D. José Benito Peleteiro Alonso

Investigador do Instituto Español de Oceanografía (IEO). Centro Oceanográfico de Vigo

Dña. Manuela Buján Saco

Bióloga responsable de I+D da empresa Alagrés (Porto-Muiños)

D. Juan Fernández Otero

Xefe de Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura, Consellería do Mar, Xunta de Galicia

Día 19 de novembro, xoves ás 19:00 horas

Impacto da Acuicultura: Ecoloxía e Sociedade

D. Uxío Labarta Fernández

Profesor de Investigación do Instituto de Investigacións Mariñas. (Vigo) (IIM), CSIC. Vigo

D. Alejo Carballeira Ocaña

Catedrático do Dpto. de Bioloxía Celular e Ecoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Dña. Angeles Longa Portabales

Directora do Dpto. I+D+i do Consello Regulador do Mexillón de Galicia. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Peche do ciclo

Coordinadora do Ciclo:

Profa. Dra. Dna. Alicia Estévez Toranzo

Académica de Número